



**Federación Galega  
de Caza**

*Gabinete de Comunicación*



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

## **Medio Rural convoca as axudas para a recuperación da caza menor**

A Consellería do Medio Rural publica hoxe, 29 de decembro no DOG, a orde do 21 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a conservación das poboacións de caza menor, e se convocan para o ano 2010.

A perdiz rubia e o coello de monte son as especies cinxéticas tradicionais en Galicia. O progresivo descenso da actividade agrícola no medio rural supuxo o abandono de amplas zonas de cultivo, provocou a expansión do mato, a desaparición dos lindeiros vexetais e, como consecuencia, a perda da calidade do medio vital para estas especies contribuíndo así á regresión das poboacións. A isto hai que engadir o azoute da enfermidade hemorráxica vírica e da mixomatose, que provocou a mingua dramática das poboacións de coello.



Esta orde ten por obxecto o establecemento dun réxime de axudas aplicable aos terreos cinxéticos para a recuperación das poboacións de perdiz rubia a través da mellora da calidade do seu hábitat e a conservación e recuperación do coello de monte mediante a construción das instalacións necesarias para a súa cría en semiliberdade e a súa reintrodución no medio natural.

**Ver documento completo da orde:**

<http://www.federaciongalegadecaza.com/Axudas/25200D013Po68.pdf>

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 – 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>